



Resolución do 8 de setembro de 2015, do Tribunal de selección nomeado para a cobertura dun posto de persoal directivo (Director/a de profesionalización) convocada por resolución do 6 de agosto de 2015 (Diario Oficial de Galicia número 150, do 10 de agosto)

Na sesión que tivo lugar o día 8 de setembro de 2015, do Tribunal nomeado pola Resolución do 7 de setembro de 2015, pola que se establece a composición do Tribunal de Selección para a cobertura dun posto de persoal directivo (Director/a de profesionalización) e se procede ao nomeamento dos seus membros, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, e tendo en conta que, segundo o establecido na base 8, será necesaria a obtención dun mínimo de 35 puntos na parte de méritos e unha puntuación total de 55 puntos para superar a primeira fase,

ACORDOU:

Primeiro.- Publicar na web da Axencia Turismo de Galicia, a relación provisional coa puntuación obtida pola aspirante admitida na 1^a fase do procedemento selectivo, contida no Anexo da presente Resolución.

Segundo.- De acordo co disposto na convocatoria, as persoas interesadas disporán de prazo ata o día 11 de setembro (inclusive), contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia Turismo de Galicia (<http://www.turgalicia.es/canle-institucional>) no epígrafe normativa/resolucións, para presentar reclamacións que consideren oportunas con relación ás puntuacións.

Terceiro.- As reclamacións presentaranse no Rexistro da Axencia Turismo de Galicia (Praza de Mazarelos, nº 15, Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso deberá remitirse por fax ao seguinte número: 981-54 63 56, e antes da finalización do prazo de presentación de reclamacións, copia da reclamación rexistrada.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

O Presidente do Tribunal

Eduardo García Erquiaga



ANEXO I

PUNTUACIÓN PROVISIONAL DA 1^a FASE

Ano da convocatoria: 2015

Nome da convocatoria: Director/a de Profesionalización

Publicación da convocatoria: Diario Oficial de Galicia do 3 de outubro de 2014 (núm. 189)

Data do listado: 8 de setembro de 2015

APELIDOS	NOME	NIF	PUNTUACIÓN
Fernández Vázquez	Marta	46906841C	<p>7.1.1 Méritos: 46 puntos</p> <p>7.1.1.1. Formación: 6 puntos</p> <p>7.1.1.2 Experiencia: 40 puntos</p> <p>7.1.2 Plan de actuación: 20 puntos</p>
TOTAL 1 ^a FASE: 66 puntos			
